

INSCRICIÓN

A inscrición para o encontro realizarase cubrindo e enviando un formulario coas características do seguinte e que se atopará na páxina web www.xuventude.net.

As datas de inscrición irán dende o 1 ata o 15 de outubro de 2011.

Unha vez inscrito recibirás un email confirmando a túa participación. No caso de non recibir email de confirmación nos 10 días seguintes posteriores ao remate do prazo de inscrición enténdese a non admisión na Xornada.

Recorda que é obrigatorio asistir a todas as actividades para obter o diploma de participación.

Para calquera dúbida ponte en contacto connosco no correo electrónico seguinte: encontromobilidade@gmail.com

NOME E APELIDOS _____

ENDEREZO _____

LOCALIDADE _____

EMAIL _____ TLF _____

PRECISA ALOXAMENTO? SI _____ NON _____

INDICA A TÚA SITUACIÓN:

ESTUDANTE DE FORMACIÓN PROFESIONAL _____

Ciclo formativo _____

ESTUDANTE UNIVERSITARIO _____ Titulación _____

TÉCNICO DE XUVENTUDE _____ Entidade _____

EMPRENDEDORES _____ Nome empresa _____

OUTROS _____ Definición _____

galicia



DL: C 4150-2011 Imprime: 18

APRENDER A EMPRENDER: O RETO DA EMPREGABILIDADE

Xornadas para emprendedores xuvenís

Santiago de Compostela 4 e 5 de novembro



INTRODUCCIÓN

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza os vindeiros días 4 e 5 de novembro de 2011 unhas Xornadas para Xoves Emprendedores, que terán lugar en Santiago de Compostela.

O encontro pretende:

- Ofrecer un lugar de encontro e diálogo entre a xuventude e expertos emprendedores que presentan aos mozos e mozas as mellores oportunidades para apostar pola iniciativa empresarial.
- Contribuír a que mozos/as con ideas empresariais desenvolvan todo o seu potencial emprendedor, ofrecendo información e apoio técnico para levalas a cabo.
- Establecer un modelo social que fomente a iniciativa empresarial na xuventude como unha vía de acceso ao mercado laboral e o motor de crecemento económico.
- Proporcionar aos mozos experiencias positivas e boas prácticas para a materialización final das súas empresas, así como asesoramento práctico na posta en marcha a través de visitas in situ a viveiros de empresas.
- Dar a coñecer os distintos programas que a Unión Europea e outros organismos financian para a promoción e o fomento da actividade emprendedora.
- Estas xornadas irán dirixidas a estudantes de último curso de Formación Profesional, estudantes universitarios, líderes de asociacións xuvenís, técnicos ou responsables locais de xuventude, participantes en proxectos do programa Xuventude en Acción (sub-acción 1.2), participantes de Iniciativa Xove da Xunta de Galicia, así como a mozos interesados na creación de empresas.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Venres 4 de novembro

09:00 - 09:30 Entrega de documentación e presentación

10:00 Inauguración das xornadas por parte de don Ovidio Rodeiro Tato, director xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar.

10:15 Exposición: UNI-EMPRENDE (Órgano da USC para a creación de tecido empresarial) "Unha idea, un proxecto, unha empresa"

11:00 Mesa redonda: "A exitosa experiencia dunha empresa emprendedora: Blu:sens"

11:45 Pausa - café

12:30 Charla: Programas para emprendedores: Leonardo da Vinci e Iniciativas Xuvenís do Programa Xuventude en Acción

13:15 Exposición: "Estratexias para conseguir un bo financiamento" IGAPE

14:00 Xantar

16:00 Obradoiro: "Márketing low-cost: imaxinación + redes sociais = difusión"

17:00 Partida para o Viveiro de empresas

17:15 Visita ao Viveiro de empresas e charla cun empresario emprendedor

18:30 Fin da visita

19:00 Traslados

20:00 Aloxamento dos participantes

21:00 Cea

Sábado 5 de novembro

09:00 Almorzo

10:00 Obradoiro: "Maduración, xeración e análise do potencial de ideas" por BIC GALICIA

11:15 Relatorio sobre emprendemento. (Cámara de Comercio de Santiago)

12:00 Pausa café

12:30 Elaboración de conclusións, avaliación e creación dun grupo de seguimento dos participantes

14:00 Clausura

14:30 Xantar

*O número de prazas con aloxamento incluído será de 50.

Os participantes residentes no concello de Santiago ou concellos limítrofes non se beneficiarán de aloxamento.